



GD

Nado en Maurente en 1980, **Genaro da Silva Méndez** é entomólogo e poeta. Doutor en biodiversidade e ecosistemas, traballa en proxectos de ecoloxía e conservación.

Deuse a coñecer como poeta ao gañar o Premio de poesía da Universidade de Zaragoza 2006 e publicar o libro *Mudanzas* (2008), ao que seguiu *Lahdnetz* (2018). Nese mesmo ano ve a luz, en galego e baixo o selo da Chan da Pólvora, *Flor Negra* (2018), e neste 2021 sae *O pintor cego* do prelo portugués de Officium lectionis. Para alén desta bibliografía, textos seus foron incluídos en diversas publicacións, como varios libros colectivos co gallo de resultar galardoado nos premios de poesía da Universidade de Vigo (2014, 2016 e 2017), ou *Mixtapes 2* (do Lado Esquerdo, 2019), sumados ás colaboracións en revistas como *Dorna*, *Xistral* ou o dossier *Valt - O corpo como Arquivo* (Círculo, 2020).

Ademais, en 2016 a Fundación Cuña-Casasbellas editou o libro-catálogo *Esgueño* (2015), con poemas seus e cadros de Carolina Munáiz. Ten colaborado tamén con outros artistas, caso da obra colectiva *Artefactos* (2005), o proxecto poético-sonoro *Conversacións con oOgro* (2006) ou a peza *Imst*, estreada en 2008 a carón do compositor Juan Lois. Por último, da Silva é editor e tradutor na revista e páxina especializada en poesía en galego, portugués e castelán www.tr3sreinos.com.

r

*O deserto era un aire inmenso sen aroma.
A infancia cheira a humidade
e ao tempo fresco dos grilos.*


*O anxo non quere pintar o deserto senón a espera;
non quere pintar o pozo senón o frío.*

*Por iso regueiros de area nos rochedos;
por iso azas de libélula no lago.*

*Cando neno o pintor cego
alguén cinguu a súa man
e describiu efixies no aire:
isto é o nimbo, o arco da vella.
Estes son os cúmulos e cirros.*

*Soterra pedras entón o anxo na praia
e amosa baleiras
as mans.*

*É nesta dor
na que se afana.*



13 DEC

20:00h
Centro Ágora

Poetas
Di(n)versos



Genaro
da Silva



OG

Asturiana do 50, **Olvido García-Valdés** é licenciada en Filoloxía Románica e en Filosofía, e reside hoxe en Toledo. Profesionalmente, foi Catedrática de Lingua Castelá e Literatura, Directora do Instituto Cervantes de Toulouse e Directora Xeral do Libro e Fomento da Lectura.

Recibiu, entre outros, o Premio Iberoamericano de Poesía Pablo Neruda 2021 e o Premio das Letras de Asturias 2016, así coma o Premio Nacional de Poesía 2007 polo seu libro *Y todos estábamos vivos* (2006, 2007). En *Esa palilla que delante de mí revolotea. Poesía reunida* (1982-2008) (2008, 2016) recóllese a súa obra poética entre esas datas. Posteriormente publicou *Lo solo del animal* (2012), *confía en la gracia* (2020) e *dentro del animal la voz. Antología 1982-2012* (2020). Libros seus foron traducidos ao francés, inglés, italiano, polaco e sueco; do mesmo xeito, publicáronse poemas seus en alemán, portugués, romanés, grego, serbio, árabe e chinés.

É ademais autora do ensaio biográfico *Teresa de Jesús*, de textos para catálogos de artes plásticas (Zush, Kiefer, Vicente Rojo, Tàpies, Juan Soriano, Bienal de Venecia 2001, Broto...) e de numerosos ensaios de reflexión literaria. Traduciu *La religión de mi tiempo* e *Larga carretera de arena* de Pier Paolo Pasolini, así como (en colaboración) a antoloxía de Anna Ajmátova e Marina Tsvetáieva *El canto y la ceniza* e tamén *El resto del viaje* e outros poemas, de Bernard Noël. Codirixiu a revista *Los Infolios*, e foi membro fundador de *El signo del gorrión* (1992-2002). Finalmente, dirixiu ou coordinou diversos cursos, seminarios e ciclos de poesía contemporánea.

*para poder vivir, fue su respuesta y
percibió el ahogo*

*guarda los días, los días
de guardar, movía la yema
del pulgar sobre el papel como una zarpa
jugando, enronquecida
respiración*

*a la mañana, desde el coche
las montañas, los sucesivos planos
entre la niebla y el sol, parecía el paisaje
de un film japonés, no de Ozu desde luego
no de Ozu, la felicidad requiere
un esfuerzo, tal vez el primer año
no se consigue ni el segundo, a veces
hacen falta cinco, a veces diez, un esfuerzo
en el que persistir, la vida breve*



13 DEC

20:00h
Centro Ágora

Poetas
Di(n)versos



Olvido
García-Valdés

